




## Festas e Romerías

Non podemos rematar o percorrido pola nosa historia, sen facer referencia a un dos factores máis vertebradores da unión parroquial, como son as festas. Ten Cela o privilexio de ser un dos lugares onde se celebran máis de sete festexos ó longo do ano: Festa do Torrón, Festa de Corpus, Romería de San Lourenzo, Festa de Santa María, Festa de San Roque, Festa dos Mozos, Festa do Churrasco en Resille, e a máis nova, Festa do Tinta Femia. Aparecen as primeiras constancias documentais aló polo 1600, coa celebración dunha misa na honra da nosa patrona Santa María e a posterior procesión, acompañada duns gaiteiros. Posiblemente a celebración desta festa remontase a épocas anteriores ó século XVII, quizais dende a aparición da ferigresía parroquial. A medida que imos escalando nos séculos, a aparición de novas festas é continua: San Roque, Virxe do Carme, a festa dos Mozos (aparece no século pasado) adicada a virxe dos Dolores, a festa do Corpus Christi coas súas alfombras florais, ou as recentes festas de orixe pagana que apareceron na parroquia como A festa do Churrasco en Resille e a festa





do Tinta Femia que cunha curta vida, outro ano máis abre as portas ós milleiros de persoas que ata Cela se achegan a degustar un bo grollo de viño acompañado dunha tapa de pulpo da illa de Ons.

Quenes teñan a posibilidade de acercarse ata Cela, coñecerán as súas xentes, o seu traballo, e poderán disfrutar tanto das nosas praias como do noso monte, emprender un percorrido pola nosa historia, seguindo o curso dos nosos ríos e visitar os antigos muiños (O Tombo, hoxe en día restaurado), mentras saciamos a sede nunha das numerosas fontes esparcidas por toda a parroquia, podemos coñecer as casas que durante algúns séculos marcaron e tiveron sometidos os destinos desta parroquia, ou visitar a Igrexa Románica do século XII, co seu labrado pórtico, esculcante da nosa ría. Ós amantes do deporte en estado natural poderán facer as rutas sendeirísticas dos "Abades" dende Chans ata Hermelo, pasando por Paralaia, lugares idóneos, calqueira deles, para contemplar o inmenso que nos rodea, ás súas entradas terra adentro nas Rías Baixas e se tal, fitar, como o fixo o bispo Xelmírez no lugar de Hermelo fai máis de dez séculos, vixiante dunhas terras que co traballo de anónimas xentes, sitúannos na dereita liña do futuro.